

SOCIAIS. TEMA 4. (PARTE II SEN DAR).

O GOBERNOS MUNICIPAL E AUTONÓMICO.

O goberno municipal: o concello.

Os concellos están compostos polo **alcalde** e os **concelleiros**. Os concelleiros son **elixidos** polos veciños do seu municipio nas **eleccións municipais**. Logo, os concelleiros elixen o alcalde.

Todos eles gobernan o municipio e organizan os servizos municipais. As súas reunións chámanse **plenos municipais**.

O goberno autonómico.

O Estatuto de autonomía.

O **Estatuto de autonomía** é a **lei de cada comunidade autónoma** que establece o nome da comunidade, o territorio, a capital, os símbolos (himno, bandeira, escudo) e os dereitos e deberes dos cidadáns.

O Estatuto de Autonomía de Galicia foi aprobado o 6 de abril de 1981.

As **institucións de goberno** establecidas no Estatuto de Autonomía de Galicia son: o **Parlamento**, o **Consello de Goberno** e o **Tribunal Superior de Xustiza**.

O Parlamento ou Asemblea Lexislativa.

O **Parlamento autonómico** encárgase de **elaborar as leis autonómicas, aprobar os presupostos e controlar o goberno rexional**. Os seus membros son os **deputados** e as **deputadas**, **elixidos** polos habitantes da comunidade nas **eleccións autonómicas**.

O Consello de Goberno ou Goberno autonómico.

O **Consello de Goberno** está composto polo **presidente da comunidade**, que é o máximo representante da comunidade, e polos **conselleiros** e **conselleiras**, que administran os diferentes asuntos da comunidade: a educación, a sanidade, o transporte, etc. O presidente é elixido polo Parlamento autonómico e os conselleiros e as conselleiras son elixidos polo presidente da comunidade.

O Tribunal Superior de Xustiza.

O **Tribunal Superior de Xustiza** é a máxima representación do poder xudicial dunha comunidade. As súas sentenzas só poden ser recurridas ante o Tribunal Supremo ou o Tribunal Constitucional.

Ademais de todo isto, cada comunidade autónoma conta cun **delegado do goberno**, que se encarga de dirixir a administración xeral do Estado español na comunidade e de coordinarse con ela.

1. Quen goberna os municipios?
2. Que é un estatuto de autonomía? Cando se aprobou o Estatuto de Autonomía de Galicia?
3. Cales son as institucións de goberno da nosa comunidade autónoma?